




a memoria
das
mulleres

*O Pleno do Concello de Pontevedra,
en sesión celebrada o 20 de xullo de 2015,
acordou darlle o nome de
Avenida de Josefina Arruti
ao novo acceso sur da cidade.*



Texto de Montse Fajardo.

**Fotografías do arquivo
da familia Fernández Arruti.**

- ① Josefina, de nena, coas compañeiras da escola.
- ② Josefina Arruti, de solteira.
- ③ Voda de Josefina e Bibiano Fernández Osorio-Tafall.
- ④ Foto de estudo realizada a Josefina durante a súa estada en Madrid.
- ⑤ Pasaporte.
- ⑥ Josefina con José Ángel, María del Carmen e Manuel pouco antes do golpe militar.
- ⑦ Josefina con Paulo Novás, fusilado o 12 de novembro do 36 e enterrado no panteón da familia Fernández Arruti.
- ⑧ Josefina xunto a Aurita, unha das hóspedes que acolleu na súa casa cando a converteu en pensión.
- ⑨ Josefina Arruti, de maior.
- ⑩ Retrato que o fillo de Víctor Casas lle fixo como agradecemento por acoller no panteón dos Arruti os restos do seu pai, fusilado o 12 de novembro.



A Memoria das **MULLERES**

Josefina Arruti
Viaño

(Pontevedra 1906-2003)



CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Cancellaría de Patrimonio Histórico



Josefina Arruti Viaño (Pontevedra 1906-2003)

Josefina Milagros Arruti Viaño naceu na praza da Peregrina de Pontevedra o 28 de abril de 1906. A menor das tres fillas de Ángel Arruti e Tolentina Viaño quedou orfa de nai cando apenas tiña seis anos e pasou a infancia a cabalo entre Pontevedra e Ponte Caldelas, onde o seu pai exercía como médico. Cando tiña 13 anos, morreu tamén o seu pai e foi vivir á casa que os Viaño, a familia da súa nai, tiña na Peregrina. O 17 de abril de 1929 casa con Bibiano Fernández Osorio-Tafall quen, dous anos despois, coa chegada da II República, sería elixido, entre outros cargos, alcalde de Pontevedra, presidente da Deputación e deputado nas Cortes.

O matrimonio tivo tres fillos: José Ángel naceu en 1930, Carmen en 1932 e Manuel en 1934.

A principios de 1936, Bibiano foi nomeado Subsecretario do Ministerio de Gobernación e Josefina trasladouse cos dous fillos maiores



a Madrid. O pequeno era un bebé e quedou a cargo da nai do seu home, Emilia Osorio, pero a principios de verán enfermou e Josefina decidiu adiantar as vacacións e regresar cos fillos a Pontevedra. Era o 12 de xullo. Bibiano quedou en ir velos as fins de semana pero o venres seguinte tivo que asistir en Madrid á audiencia do presidente da República co comité galego que presentaba nas Cortes o Estatuto de Autonomía e non puido viaxar.

Un día despois prodúcese o golpe militar e o inicio da Guerra Civil impide a Bibiano cumprir a promesa. A súa muller, a súa nai e os seus fillos quedaron atrapados nunha Galiza dominada polos sublevados, e el seguiu en Madrid ocupando postos de relevancia no goberno republicano. Desde alí intentou trocar á súa familia polo secretario xeral da *Falange*, Raimundo Fernández Cuesta, preso na capital, pero a súa nai negouse a facer o troco.

Emilia quedara a cargo dos nenos porque Josefina fora apresada. Nunca chegaron a xulgala pero tivérona detida no cárcere de Pontevedra dezaioito meses. A súa sogra paseaba cos pequenos pola beirarrúa da actual Audiencia e

ela asomábase á fiestra para velos ata que algún veciño alertaba aos gardas: «*Ahí van los rojos*», «*Guardias, la madre está en la ventana*», e obrigábana a meterse dentro.

Ao saír do cárcere tivérona outros dous anos nun arresto domiciliario que os primeiros meses alcanzou tamén aos nenos. **Non podían saír da casa nin para ir á escola, e estaban vixiados vinte e catro horas ao día.** Nos baixos da súa vivenda, no número 13 de Benito Corbal, estaba o cuartel da Garda Cívica e, ao seu carón, o da Garda Civil. Moitos dos cívicos foran alumnos de Bibiano no Instituto de Ensino Medio, pero iso non lles impediu dedicarse a vixiar a súa familia, revolver nas cestas de comida que lles levaban os parentes que Emilia tiña na Ruibal (Salcedo), impedir que entrasen xoguetes na casa na noite de Reis, ou levar os libros de quen fora o seu profesor. Facían continuos rexistros buscando republicanos agochados ou a radio de Bibiano e aínda que nunca atopaban nada, baleiraban a roupa e os xoguetes dos armarios dos nenos e cortaban a liña telefónica para que a radio non puidese emitir.

Foron meses angustiosos para os pequenos, que desde a súa habitación oían o ruído da

moto que os gardas acendían para que non se escoitasen os berros das torturas, os disparos dos asasinatos que cometían nos baixos. Desde a fiestra vían saír cara á estrada de Monte Porreiro a camioneta cos presos que minutos despois serían fusilados. Eles estiveron arrestados oito meses, Josefina dous anos. Saiu xa rematada a guerra e a pesar do vivido non estaba preparada para os insultos que tivo que escoitar na rúa dos que antonte trataban con todo miramento á muller do alcalde. Foi para ela o máis duro pero a iso sumouse ademais a precaria situación económica na que quedou a súa familia.

Rematado o conflito, Bibiano Fernández exiliouse a Francia, Estados Unidos e finalmente, México. Só podía mandarlles cartos de cando en vez por coñecidos e non sempre chegaban. Nos anos 50 intentaron reunirse con el en Lisboa pero no último momento as autoridades españolas negáronse a darlle a Josefina un permiso de saída para o que, como nunha brincadeira cruel, necesitaba a sinatura do seu home.

Para manterse, empezaron a depender da xenerosidade da familia e os achegados, e non foi só a carencia económica. Bibiano non soubo

ata moitos anos despois que a negativa do troco partira da súa nai e culpou a Josefina, afastándose dela. Empezou a escribirlles só aos nenos e no exilio mexicano refixo a súa vida con outra muller coa que tivo un fillo. Non volveu ver a ningún da súa familia ata que, a mediados dos 50, puido reunirse en Roma con José Ángel, que facía alí a súa tese de doutoramento.

A pesar dos apuros económicos, Josefina empeñouse en que os tres fillos estudaran e o maior doutorouse en Dereito, Carmen en Filosofía e Letras, e Manuel en Medicina. Para iso empeñou todas as súas xoias e, axudada por Emilia, converteu a súa casa de Benito Corbal nunha pensión durante case un lustro.

Bibiano non volveu a Galiza ata 1986, coincidindo co cincuenta aniversario do plebiscito do Estatuto. Pero non sería ata o ano seguinte, cando volveu a unha homenaxe da Academia Galega das Ciencias, que se reuniría cos seus tres fillos, cincuenta e dous anos despois do estoupido da guerra, cincuenta e dous anos despois da separación da familia.

A Josefina non volveu vela nunca máis.

Sería a morte a que acabaría por xuntalos. Bibiano morreu en México o 13 de agosto de 1990 e súa última vontade foi que levaran as súas cinzas a Galiza. Josefina non puxo reparo ningún en que fose enterrado no panteón familiar de San Amaro, un panteón que, tras a guerra, quedara convertido en todo un símbolo de solidariedade, pois Emilia e Josefina posibilitaron que nel foran depositados os restos de infinidade de represaliados. O primeiro foi o mestre Paulo Novás, amigo fusilado o 12 de novembro do 36, e anos despois reabriu as portas para acoller as cinzas de ducias de republicanos, enterrados antes noutros lugares, como Víctor Casas ou Antonio Blanco, o alcalde de Marín.

Alí, xunto a Bibiano, a quen viu por última vez o 12 de xullo de 1936, sería enterrada tamén Josefina, finada o 24 de outubro do 2003.